

Programa de axudas a persoas traballadoras autónomas pola contratación indefinida de persoas asalariadas (TR349F)

Prazo Presentación: Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia e o prazo de presentación de solicitudes rematará o 30 de setembro de 2016. *Consultar o último parágrafo do apartado documentación - Data Fin Prazo: 30/09/16

▪ **Data publicación**

30/12/15

▪ **Corpo**

Obxecto

Incentivar á contratación indefinida inicial de persoas desempregadas realizada polas persoas traballadoras autónomas ou persoas profesionais con domicilio social e fiscal en Galicia.

As contratacións polas que se solicita subvención deberán formalizarse e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida, e ter data de inicio comprendida entre o 1 de outubro de 2015 e o 30 de setembro de 2016 ambas inclusive.

Persoas Beneficiarias

- a. Poderán ser beneficiarias das axudas previstas nesta orde as persoas traballadoras autónomas ou as persoas profesionais pola primeira contratación que realicen con carácter indefinido durante o seu primeiro ano de actividade.
- b. Poderán ser beneficiarias das axudas previstas nesta orde as persoas traballadoras autónomas ou as persoas profesionais pola segunda e terceira contratación que realicen con carácter indefinido nos tres primeiros anos de actividade.

Colectivos subvencionables

Os incentivos previstos neste programa serán de aplicación ás contratacións indefinidas iniciais a tempo completo ou a tempo parcial realizadas por persoas traballadoras autónomas ou as persoas profesionais con persoas traballadoras desempregadas para prestar servizos en centros de traballo situados na Comunidade Autónoma de Galicia.

Contías

As contratacións indefinidas iniciais incentivaranse cunha axuda de:

Primeira persoa traballadora indefinida:

- a) 4.000 € cando se trate dun home desempleado.
- b) 5.000 € cando se trate dun home desempleado de 45 ou máis anos de idade que sexa parado de longa duración.
- c) 5.000 € cando se trate dunha muller desempleado.
- d) 6.000 € cando se trate dunha muller desempleado de 45 ou máis anos de idade que sexa parada de longa duración.

Segunda e terceira persoa traballadora indefinida:

- a) 5.000 € cando se trate dun home desempleado.
- b) 6.000 € cando se trate dun home desempleado de 45 ou máis anos de idade que sexa parado de longa duración.
- c) 6.000 € cando se trate dunha muller desempleado.
- d) 7.000 € cando se trata dunha muller desempleado de 45 ou máis anos de idade que sexa parada de longa duración.

Cando se trate de contratacións indefinidas cunha xornada a tempo parcial as contías dos incentivos serán proporcionais ao tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, no seu defecto, da xornada ordinaria máxima legal.

Prazo de solicitudes

As solicitudes de axudas polas contratacións realizadas entre o 1 de outubro de 2015 e a data da publicación desta orde (30/12/2015), deberán presentarse no prazo de dous meses desde a data de publicación da orde reguladora (29/02/2016).

As axudas previstas polas contratacións subvencionables realizadas desde a entrada en vigor desta orde deberán solicitarse ata o último día do segundo mes seguinte á data en que se inicie a relación laboral indefinida pola que se solicita subvención.

O prazo para a presentación das solicitudes de axudas finalizará o 30 de setembro de

2016, aínda que nesa data non transcorrera o prazo sinalado no parágrafo anterior.

Orde de convocatoria

Orde do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de axudas a persoas traballadoras autónomas pola contratación indefinida de persoas asalariadas e se procede a súa convocatoria para o ano 2016 (DOG. Nº 248, do 30 de decembro).

- **Estado:**

En prazo

Documentos relacionados

- Orde do 29 de decembro de 2015

Ligazóns relacionadas

- Sede electrónica